

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 13.04.2018

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 13 de abril de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

- 1 21797 (10/POC-003478)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiros Guinarte, Silvestre José e 6 máis
Sobre os beneficios que ten experimentado o monte galego tras a entrada en vigor da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e da súa normativa de desenvolvemento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018

- 2 21863 (10/POC-003508)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre a fase na que se atopa a posta en marcha do Centro de Certificación do Castiñeiro e as previsións do Goberno galego sobre os beneficios que poden derivar da súa posta en funcionamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018

- 3 24010 (10/POC-003996)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún estudo acerca do impacto económico que está a ter a avespa "velutina" en Galicia, e, se é o caso, os seus resultados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

- 4 26560 (10/POC-004328)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre os fondos públicos da Administración galega para labores de restauración e traballos de concentración parcelaria, así como sobre as contías da PAC, investidos na zona afectada polo proxecto de reapertura da mina de cobre existente nos concellos de Touro e do Pino, e a opinión do

Goberno galego respecto da desaparición de máis de 350 hectáreas de terreos parcelados

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268, do 28.02.2018

- 5 26852 (10/POC-004361)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre o orzamento dispoñible pola Xunta de Galicia para os seguros agrarios para o ano 2018 e as razóns existentes para que os agricultores a tempo parcial non poidan solicitar ese seguro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018
- 6 27065 (10/POC-004391)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para apoiar a expansión do cultivo e procesado da castaña como medio para recuperar o dinamismo económico e fixar poboación no medio rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018
- 7 27249 (10/POC-004421)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre as medidas postas en marcha ou previstas pola Xunta de Galicia para eliminar a "Vespa velutina" no medio rural, as técnicas e o veneno que está a utilizar para ese fin, así como as súas previsións respecto da prestación de colaboración técnica e económica ás diferentes asociacións e concellos para a súa erradicación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 277, do 15.03.2018
- 8 28066 (10/POC-004527)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre os datos que manexa a Xunta de Galicia respecto do estado da auga da rede municipal de abastecemento de Ribadavia e doutras da comarca do Ribeiro afectada polos lumes e sobre o efecto do temporal Félix na propagación de cinzas e outras substancias contaminantes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 285, do 28.03.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

Moisés Blanco Paradelo

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 13.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 13.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 21797(10/POC-003478)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiros Guinarte, Silvestre José e 6 máis

Sobre os beneficios que ten experimentado o monte galego tras a entrada en vigor da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e da súa normativa de desenvolvemento

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2017 12:23
Nº Rexistro: 21797
Data envío: 26/12/2017 12:23:24.271

A Mesa do Parlamento

Silvestre Balseiros Guinarte, José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez e Encarna Amigo Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

No ámbito forestal, Galicia ocupa un lugar esencial. E, sen lugar a dúbidas, a maior potencia forestal de España e unha das máis importantes de Europa, (entre as 9 de maior trascendencia. A superficie forestal arbolada representa o 48 % da totalidade da Comunidade Autónoma, superando 1.400.000 hectáreas e cunha alta produción de madeira, acadando preto do 50 % da produción nacional. Máis de 3.000 empresas desenvolven a súa actividade no sector da madeira, cunha facturación aproximada ós 2.000 millóns de euros e que da emprego a algo máis de 80.000 traballadores en Galicia.

Esta é a razón pola que o incremento da masa arbolada en cantidade e calidade convertese nun obxectivo básico, non sómente do sector forestal en particular, senón da sociedade galega do século XXI no seu conxunto, garantindo o aproveitamento continuado dos recursos forestais, especificamente da madeira, que segue sendo, nestes momentos, o segundo produto deficitario na Unión Europea –tralo enerxético–, o que pode supoñer unha vía de ordenación territorial que posibilite un freo ó abandono sistemático das explotacións do rural de Galicia e permita, a través do desenvolvemento de explotacións e industrias forestais, a fixación da poboación, evitando o despoboamento e a crise demográfica que está lacrando o mundo rural galego.

Coa aprobación da Lei 7/2.012 de 28 de Xuño de Montes de Galicia, perseguíase entre outras iniciativas, facilitar ós propietarios de montes o manexo sostible dos recursos, aportando solucións para a consecución de terreos con posibilidade dunha adecuada xestión técnica e tratando de superar as limitacións do minifundio a través de sociedades de fomento forestal e outros instrumentos que permitan unha adecuada xestión en común do monte.

Con tal obxectivo prevíase unha estrutura normativa cun marco xurídico que simplificara os medios necesarios para o seu cumprimento, que permitira unha maior axilidade ó conxunto do sector con novos instrumentos de ordenación e xestión forestal e simplificara, así mesmo, o procedemento de autorización. Todo isto coa necesaria seguridade xurídica, tanto para los propietarios como para aqueles que operen no sector, ordenando os aproveitamentos forestais con criterios técnicos, de tal xeito que

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2017 12:23
Nº Rexistro: 21797
Data envío: 26/12/2017 12:23:24.271

permitira optimizar as distintas actividades forestais sen menoscabo dos dereitos dos propietarios y dos intereses colectivos da sociedade.

En canto a esta materia de planificación, na citada lei, artículanse, baixo o criterio da simplificación e a redución, os instrumentos de planificación que se estiman necesarios ós efectos de articular unha política forestal que satisfaga as necesidades da nosa comunidade, e que se cifran no Plan Forestal de Galicia, ó que se dota de eficacia vinculante, e os plans de ordenación de recursos forestais, cuxa tramitación e contido se regula de forma exhaustiva.

En materia de ordenación, regúlanse as instrucións xerais para a ordenación dos montes e os instrumentos de ordenación e xestión forestal, cun contido e estrutura que se axustan ás necesidades dos propietarios, simplificándose ó máximo no caso de titulares de fincas forestais de escasas dimensións, ós efectos de compatibilizar unha economía da xestión coa necesidade de ordenación do monte en Galicia. Con este fin regúlanse as figuras dos proxectos de ordenación e os de nova creación, documentos simples e documentos compartidos de xestión. Trátase de potenciar, a figura do propietario e do empresario forestal, de forma que as esixencias administrativas non constitúan, en ningún caso, un obstáculo, senón unha axuda á produción e explotación forestal.

A Lei de Montes de Galicia tamén se centra na cadea monte-industria, o que subliña a importancia que a administración lle concede, creándose para iso unha Mesa da Madeira así como o Rexistro de Empresas do Sector Forestal. Regúlase o comercio responsable de produtos forestais, así como a certificación forestal, que a Comunidade Autónoma de Galicia trata de fomentar, por entender que a sustentabilidade do monte, en todos os seus ámbitos –medioambiental, social e económico–, constitúe un principio básico de actuación na súa política forestal e como fundamento para garantir a trazabilidade dos produtos forestais galegos.

Factores clave en toda política pública, da que a forestal, loxicamente, non podía ser allea, son a educación, a divulgación e a investigación, que na antes dita lei de montes están presentes de forma contundente, particularmente en canto á transferencia dos seus resultados ós axentes do sector forestal, procurando a xeración de sinerxías nese ámbito.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son os beneficios que ten experimentado o monte galego trala entrada en vigor da Lei de Montes de 2.012 e da súa normativa de desenvolvemento?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2017 12:23
Nº Rexistro: 21797
Data envío: 26/12/2017 12:23:24.271**

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Silvestre Balseiros Guinarte na data 26/12/2017 12:20:30

José González Vázquez na data 26/12/2017 12:20:38

Raquel Arias Rodríguez na data 26/12/2017 12:20:47

Moisés Blanco Paradelo na data 26/12/2017 12:20:55

Carlos Gómez Salgado na data 26/12/2017 12:21:01

Daniel Vega Pérez na data 26/12/2017 12:21:12

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/12/2017 12:21:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 13.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 21863(10/POC-003508)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre a fase na que se atopa a posta en marcha do Centro de Certificación do Castiñeiro e as previsións do Goberno galego sobre os beneficios que poden derivar da súa posta en funcionamento

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

O fomento da produción de castañas en terreos forestais conforma unha das liñas de actuación fixadas como prioritarias polo Goberno galego para a presente lexislatura.

Esta aposta polo castaño e a castaña está sustentada e avalada polo recoñecemento do valor que, dende o punto de vista cultural, económico, social e ecolóxico, ten na nosa Comunidade Autónoma tanto esta árbore como o seu froito.

Deste xeito, en aras de acadar unha xestión sustentable dos nosos montes, poñendo especial incidencia nas masa de frondosas caducifolias en xeral e de xeito particular dos castaños, son varias as liñas de axuda e promoción que está a desenvolver o Goberno galego para poñer en valor e mesmo incrementar este cultivo.

Xunto a elo, o Goberno galego anunciou ao inicio desta lexislatura a súa intención de impulsar a creación do Centro de Certificación do Castiñeiro.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. En que fase se atopa a posta en marcha do Centro de Certificación do Castiñeiro?
2. Cales son as previsións que manexa o Goberno sobre os beneficios que se poden derivar da posta en funcionamento do Centro de Certificación do Castiñeiro dende o punto de visto económico pero tamén como elemento dinamizador no incremento da superficie dedicada á plantación de castaños?.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2017 09:30
Nº Rexistro: 21863
Data envío: 27/12/2017 14:15:01.997**

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 27/12/2017 13:51:57

José González Vázquez na data 27/12/2017 13:52:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2017 13:52:16

Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/12/2017 13:52:23

Moisés Blanco Paradelo na data 27/12/2017 13:52:29

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 13:52:38

Daniel Vega Pérez na data 27/12/2017 13:52:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 13.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 24010(10/POC-003996)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún estudo acerca do impacto económico que está a ter a avéspera "velutina" en Galicia, e, se é o caso, os seus resultados

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 7.^a**.

Os efectos ambientais e ecolóxicos ocasionados pola vespa velutina *nigrithorax* foron postos de manifesto en numerosas iniciativas presentadas previamente. Pero hai un factor que pasa máis desapercibido pero que tamén resulta importante. Referímonos ao efecto económico desta no relativo ás Administracións públicas.

Un exemplo da gravidade do problema podemos velo ao comprobar como o 20% das intervencións atendidas polo centro de Emerxencias 112 de Galicia son relacionadas coa vespa velutina.

A situación vai empeorando a medida que pasa o tempo, e temos que buscar medidas con carácter urxente. Precisamos de todos os medios e recursos para frear o avance da vespa asiática.

Por todo o anterior exposto presentamos a seguinte Pregunta para o seu debate na Comisión 7.^a:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24010
Data envío: 23/01/2018 18:53:45.173



- 1) Ten a Xunta de Galicia algún estudo do impacto económico que está a ter a vespa velutina no noso País?
- 2) Se a resposta é afirmativa, cales son os resultados?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 23/01/2018 18:52:42

David Rodríguez Estévez na data 23/01/2018 18:52:57

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 13.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 26560(10/POC-004328)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre os fondos públicos da Administración galega para labores de restauración e traballos de concentración parcelaria, así como sobre as contías da PAC, investidos na zona afectada polo proxecto de reapertura da mina de cobre existente nos concellos de Touro e do Pino, e a opinión do Goberno galego respecto da desaparición de máis de 350 hectáreas de terreos parcelados

Publicación da iniciativa, 268, 28.02.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 17:24
Nº Rexistro: 26560
Data envío: 20/02/2018 17:24:12.289

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

O pasado mes de agosto presentouse a solicitude de reapertura, da mina nos concellos de Touro e O Pino para reiniciar a extracción de cobre. Este novo proxecto pretende seguir explotando os mesmos xacementos abandonados do ano 1986 (nas mesmas cortas) máis, novos xacementos colindantes con estes.

Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 689 Ha. Dos cales só o 30% son terreos xa afectados pola explotación anterior. Vai a afectar case 500 Has. de terreos agrícolas e forestais que son a base produtiva de moitas explotacións agrarias dos núcleos máis próximos ó complexo mineiro.

O proxecto contempla volver escavar as cortas xa explotadas nos anos 70/80 , nalgunhas das cales se levaron a cabo labores de restauración para resolver o problema ambiental que xerara a anterior mina .

Xunto a explotación desas catro cortas existentes vanse a escavar 6 novas cortas que darán lugar a outras tantas zonas mineiras coa eliminación definitiva do uso destes solos para ás actuais actividades agrícolas ou forestais. Afecta a máis de 400 parcelas de terreos de propiedade particular que na súa maior parte, máis de 350Has, foron obxecto de concentración parcelaria.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 17:24
Nº Rexistro: 26560
Data envío: 20/02/2018 17:24:12.289

Así mesmo afectará a varias decenas de explotacións gandeiras que perderán unha parte moi importante da súa base territorial.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Destináronse fondos públicos para os labores de restauración que se realizaron na mina nas cortas que agora vanse voltar abrir?
- Cal foi o coste que lle supuxo á administración galega realizar a concentración parcelaria nos núcleos de Arinteiro (Loxo) no concello de Touro e en San Sadurniño e o Castelo (Cebreiro) no concello de O Pino?
- Que opinión lle merece que desaparezan máis de 350 Has de fincas parceladas?
- Que contías da PAC se teñen investido nas explotacións afectadas?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 17:24
Nº Rexistro: 26560
Data envío: 20/02/2018 17:24:12.289

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/02/2018 17:21:08

María Montserrat Prado Cores na data 20/02/2018 17:21:12

Ana Pontón Mondelo na data 20/02/2018 17:21:14

Olalla Rodil Fernández na data 20/02/2018 17:21:15

Noa Presas Bergantiños na data 20/02/2018 17:21:16

Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2018 17:21:17

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 13.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 26852(10/POC-004361)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o orzamento dispoñible pola Xunta de Galicia para os seguros agrarios para o ano 2018 e as razóns existentes para que os agricultores a tempo parcial non poidan solicitar ese seguro

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O sector primario que se veu reducindo nos últimos anos de xeito acelerado, aínda supón o 10 % de todos os traballadores en Galicia que desenvolven a súa actividade sobre o 85 % do territorio, e que segue a constituír un alicerce fundamental na estrutura socioeconómica galega que cómpre amparar e apoiar como a mellor maneira de loitar contra o abandono rural.

Practicamente a totalidade das actividades produtivas desenvoltas no eido rural poden resultar afectadas polas inclemencias meteorolóxicas, de feito con carácter cíclico algunha das producións máis sobranceiras sofren os problemas derivados do comportamento anómalo das condicións meteorolóxicas.

Ademais dos problemas derivados por xeadas, secas, inundacións. . .etc, as distintas producións agrícolas e gandeiras tamén se ven sometidas a diferentes problemáticas como destrución da fauna salvaxe, ataques á cabana gandeira, lumes, problemas de xestión das explotacións ... etc.

Un dos elementos dos que poden dispor os agricultores e gandeiros para amortecer os fortes danos causados polos vaivéns climatolóxicos e outros factores que ameazan e/ou desequilibran as previsións produtivas e económicas das explotacións son os seguros agrarios.

O seguro agrario é un instrumento de política agraria, que para ser eficaz debe estar en continuo proceso de evolución para adaptarse ás necesidades do sector; sen esa adaptación a cobertura, seguridade e tranquilidade que deben proporcionar ao labrego e ao gandeiro perden efectividade e sentido.

Na derradeira inclemencia meteorolóxica que afectou ao sector primario galego como as xeadas de finais de abril, amosouse con toda claridade a realidade dos seguros agrarios: menos dun 20 % dos viticultores das denominacións de orixe



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 11:42
Nº Rexistro: 26852
Data envío: 23/02/2018 11:42:50.839



Grupo Parlamentario

afectadas dispoñían dalgún tipo de seguro, situación que se pode extrapolar á maior parte das producións, cultivos e cabanas gandeiras.

As razóns desta baixa cobertura para as actividades relacionadas co sector primario débese á falta de adecuación das características técnicas dos seguros á realidade produtiva e da estrutura da propiedade do sector primario galego.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) De que cantidade de diñeiro público dispón a Xunta de Galicia para os seguros agrarios para o ano 2018?

2ª) Cal é o motivo polo que os agricultores a tempo parcial non poden solicitar o seguro agrario?

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 23/02/2018 11:39:53

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/02/2018 11:40:04

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 13.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 27065(10/POC-004391)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para apoiar a expansión do cultivo e procesado da castaña como medio para recuperar o dinamismo económico e fixar poboación no medio rural

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 12:46
Nº Rexistro: 27065
Data envío: 28/02/2018 12:46:40.393

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O grave e progresivo envellecemento do territorio rural de Galicia e o despoboamento e abandono progresivo e desmedido da actividade agrogandeira fan que os problemas estruturais e de xestión deste territorio se agraven e presenten un grande reto para o futuro da sociedade galega en xeral.

Unha das moitas respostas a este reto está en volverlle o protagonismo a un actor esencial no pasado do noso pobo: a castaña e o castiñeiro.

A demanda crecente debido á escaseza deste froito para abastece-lo mercado interior e internacional, xunto coas idóneas condicións climatolóxicas, edáficas e culturais que ofrece este noso País fan que teñamos na castaña unha alternativa viable e con futuro, unha esperanza a curto prazo no camiño dunha imprescindible recuperación do rural no poboamento e xestión do territorio.

Expertos de prestixio aseguran que o rendemento anual dunha hectárea de castiñeiro adicado a froito anda entre os 7.000 e os 11.000 euros por Ha. e ano, tendo logo un valor engadido moi superior no procesado e transformación do produto.

A demanda deste froito a nivel estatal e para a exportación medra ano a ano acadando prezos que fan altamente rentable o seu cultivo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 12:46
Nº Rexistro: 27065

Data envío: 28/02/2018 12:46:40.393

Ás vantaxes económicas deste cultivo debemos sumar o papel que podería xogar coma factor de discontinuidade nas masas forestais e de matogueira actuando coma franxa de seguridade e coma ralentizador nos lumes, principalmente cando as condicións son críticas.

Por outra banda as condicións de investigación, identificación de variedades de froito, clons híbridos resistentes á tinta, recuperación de soutos centenarios e basicamente a calidade dos froitos e a súa consideración internacional, afianzan as posibilidades estruturais presentes e máis futuras dun sector forte e dinámico con peso propio.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-É consciente o Goberno Galego da importancia do cultivo e procesado da castaña e do papel que poden xogar para recuperar dinamismo económico e fixación de poboación no rural?

-Ten previsto o Goberno Galego algunha medida que aborde de xeito apreciable a expansión do cultivo da castaña?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 12:46
Nº Rexistro: 27065
Data envío: 28/02/2018 12:46:40.393

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/02/2018 12:40:52

María Montserrat Prado Cores na data 28/02/2018 12:40:58

Ana Pontón Mondelo na data 28/02/2018 12:41:00

Olalla Rodil Fernández na data 28/02/2018 12:41:01

Noa Presas Bergantiños na data 28/02/2018 12:41:02

Xosé Luis Bará Torres na data 28/02/2018 12:41:04

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 13.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 27249(10/POC-004421)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as medidas postas en marcha ou previstas pola Xunta de Galicia para eliminar a "Vespa velutina" no medio rural, as técnicas e o veneno que está a utilizar para ese fin, así como as súas previsións respecto da prestación de colaboración técnica e económica ás diferentes asociacións e concellos para a súa erradicación

Publicación da iniciativa, 277, 15.03.2018



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Todos somos coñecedores do grande problema que supón a velutina para o noso rural e en especial para os produtores de mel e froita. É unha batalla de contra reloxo que precisa de tódolos recursos económicos e materiais ao noso alcance para loitar contra esta praga.

Dada a gravidade da ameaza que supón esta nova especie faise necesario o combate cun amplo abano de medidas enfocadas na prevención, eliminación ou, cando menos, na estabilización das colonias de velutina en Galicia.

O veneno utilizado como insecticida para eliminar os individuos dunha colmea é unha das medidas de combate desta especie tan agresiva para o medio ambiente galego. Sen embargo, os produtos utilizados para a eliminación das colmeas de velutina que están a utilizar tanto asociacións (apicultores, produtores de froita, etc) coma concellos son moi custosos e comprometen os orzamentos das entidades e institucións. Este gasto extra repercute negativamente nos orzamentos dos implicados, restando nalgúns casos a utilizacións de insecticidas e, o que é máis grave, imposibilita a actuación efectiva contra a velutina.

Hai que ter moi presente a situación actual da velutina que, no último ano, foi a responsable do 20 % das chamadas telefónicas ao 112, só por detrás das emerxencias vinculadas á prevención de riscos, incendios e salvamento (30 %). Son datos moi reveladores da magnitude desta praga.



 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Que medidas ten a Xunta de Galicia en marcha, ou que vai poñer, relacionadas ca eliminación da velutina do noso medio rural?
2. Que técnicas está a utilizar a Xunta de Galicia para erradicar a velutina? Está a utilizar as mesmas en tódolos sitios onde intervéñen e durante todo o ano?
3. Que veneno está a utilizar a Xunta de Galicia no combate contra a vespa velutina? Vai a colaborar técnica e economicamente coas diversas asociacións e concellos afectados?
4. É coñecido que o veneno utilizado na actualidade non se pode empregar preto de recursos hídricos, polo tanto, ten a Xunta algún outro veneno alternativo e igual de eficaz que o empregado actualmente? De ser así, cal?
5. Que venenos alternativos medioambientalmente sostibles e eficaces pódense utilizar para erradicar a velutina?

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2018

Asdo.: José Manuel Pérez Seco
José Antonio Quiroga Díaz
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/03/2018 13:53:00

José Antonio Quiroga Díaz na data 02/03/2018 13:53:05

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 13.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 28066(10/POC-004527)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre os datos que manexa a Xunta de Galicia respecto do estado da auga da rede municipal de abastecemento de Ribadavia e doutras da comarca do Ribeiro afectada polos lumes e sobre o efecto do temporal Félix na propagación de cinzas e outras substancias contaminantes

Publicación da iniciativa, 285, 28.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araújo e Anxeles Cuña Bóveda deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na Comisión 7.^a

Os lumes provocan un enorme dano medioambiental que non remata coa súa extinción. Cando o lume se apaga, o “chapapote do monte” estraga a contorna, ameazando ás especies animais e a saúde dos veciños e veciñas. Por desgraza, sabémolo ben en Galicia. Cando milleiros de hectáreas arden, as choivas arrastran cinzas polos ríos contaminando acuíferos, tanques de almacenamento e as redes de abastecemento, ríos de cinza que tamén acaban chegando ata o mar, onde asfixiando os bancos mariscadores, co conseguinte custe ambiental e económico. Puidemos comprobalo por exemplo no ano 2006 ou de novo no 2013.

Xa en data máis recente, **no mes de decembro, a borrasca Ana** conduciu as cinzas dos montes que arderon en outubro ata os pozos, mananciais, ríos e rías das zonas afectadas.

O fin de semana do 10 e 11 de marzo a historia volveu a repetirse. O temporal Félix arrastrou cinza, carbóns e sedimentos polas ladeiras sen vexetación dos montes calcinados.

A sucesión de temporais prexudicou de maneira moi intensa á comarca do **Ribeiro e, en particular, a Ribadavia, cuxa auga foi declarada non apta para o consumo pola presenza de materias contaminantes procedentes dos**



incendios que afectaron á Carballeda de Avia, de onde proven o subministro de auga para a rede municipal.

Se isto sucedeu, non foi porque non estivéramos advertidos. A mesma traxedia aconteceu xa en demasiadas ocasións e fai tempo que o Goberno autonómico, cooperando cos Concellos afectados directa e indirectamente, terían que ter deseñado os protocolos para prevela e atallala. A cinza non tería que ter collido a ninguén por sorpresa. Tampouco o xeito que ten de espallarse.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión.

- Que datos manexa a Xunta de Galicia sobre a situación da auga da rede municipal de abastecemento de Ribadavia, e sobre a situación de outras redes de abastecemento, sexan municipais ou veciñais, na comarca do Ribeiro, fundamentalmente nas redes afectadas directamente polos incendios de Melón e Carballeda de Avia?
- Que datos manexa a Xunta sobre a posible relación entre a Declaración de auga non apta para consumo realizada no municipio de Ribadavia e os incendios de Carballeda de Avia, de onde provén a súa rede de auga? Se non ten relación cos incendios, que datos manexan sobre a causa desta Declaración de auga non apta para o consumo?
- Que datos manexa a Xunta de Galicia sobre o efecto que tivo o temporal Félix na propagación da cinza, dos carbóns e dos sedimentos que se formaron a causa dos lumes neste municipio e nesta comarca? Como



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2018 11:04
Nº Rexistro: 28066
Data envío: 16/03/2018 11:04:47.751



pensa que pode afectar a cinza e as demais substancias contaminantes á contorna e á saúde dos veciños e das veciñas? Que fixo despois dos lumes para prever esta situación que semellaba cando menos factible? Que está a facer para deter o seu espallamento? E para retiralas?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Anxeles Cuña Bóveda

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 16/03/2018 10:59:06

Paula Quinteiro Araújo na data 16/03/2018 10:59:17

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/03/2018 10:59:23